

1. Identificación da programación

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|----------|---------------|
| 36015159 | Chan do Monte | Marín | 2021/2022 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|----------------------|---------------------------|--|------------------------------------|------------------------|
| COM | Comercio e márketing | CSCOM03 | Xestión de vendas e espazos comerciais | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0626 | Loxística de aprovisionamiento | 2021/2022 | 6 | 105 | 126 |
| MP0626_12 | Necesidades de aprovisionamento e xestión de existencias | 2021/2022 | 6 | 55 | 66 |
| MP0626_22 | Selección de provedores/as, negociación e documentación | 2021/2022 | 6 | 50 | 60 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | ALICIA ALONSO IGLESIAS |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Na data de realización da presente programación, o alumnado matriculado no módulo de Loxística de Aprovisionamento está composto por estudantes que cursan por primeira vez o 2º curso do CS XVEC.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|------------|--------------------|----------|
| 1 | A xestión da cadea de suministro | | 10 | 8 |
| 2 | O sistema de produción | | 10 | 8 |
| 3 | A función de compras | | 13 | 10 |
| 4 | Xestión de stocks | | 16 | 13 |
| 5 | As TIC aplicables | | 17 | 13 |
| 6 | Os criterios de selección de provedores | | 20 | 17 |
| 7 | Búsqueda, negociación e seguimento de provedores | | 40 | 31 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------------------|----------|
| 1 | A xestión da cadea de suministro | 10 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Determina as necesidades de materiais e prazos para a execución de programas de produción ou distribución, seguindo os plans definidos. | NO |
| RA2 - Elabora programas de aprovisionamento, axustándose a obxectivos, prazos e criterios de calidade dos procesos de produción ou distribución. | NO |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.3 Avaliáronse distintos enfoques na xestión do aprovisionamento dunha cadea de produción ou subministración. |
| CA1.4 Representouse mediante esquemas de fluxo o proceso de produción ou distribución, diferenciando os fluxos de mercadorías e información. |
| CA1.6 Aplicáronse as técnicas de modelos de planificación da produción e distribución. |
| CA1.7 Identifícanse os posibles colos de botella na cadea de produción ou subministración. |
| CA1.8 Establecéronse os puntos críticos da fase de aprovisionamento e as súas posibles solucións. |
| CA2.7 Utilizáronse programas informáticos para a xestión da información e a realización dos cálculos. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Organización da produción e a distribución: Características dos procesos de produción e distribución. Planificación de necesidades de materiais: MRP (material requirement planning). Planificación de necesidades de distribución: DRP (distribution requireme Obxectivos da función de aprovisionamento |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------|----------|
| 2 | O sistema de produción | 10 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Determina as necesidades de materiais e prazos para a execución de programas de produción ou distribución, seguindo os plans definidos. | NO |
| RA2 - Elabora programas de aprovisionamento, axustándose a obxectivos, prazos e criterios de calidade dos procesos de produción ou distribución. | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Caracterizáronse os procesos de produción tendo en conta a duración do proceso, a gama e os produtos. |
| CA1.5 Determináronse as capacidades produtivas dos centros de produción ou distribución, e os tempos de cada fase ou actividade. |
| CA2.7 Utilizáronse programas informáticos para a xestión da información e a realización dos cálculos. |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Organización da produción e a distribución: Características dos procesos de produción e distribución. Planificación de necesidades de materiais: MRP (material requirement planning). Planificación de necesidades de distribución: DRP (distribution requireme Obxectivos da función de aprovisionamento |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------|----------|
| 3 | A función de compras | 13 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Determina as necesidades de materiais e prazos para a execución de programas de produción ou distribución, seguindo os plans definidos. | NO |
| RA2 - Elabora programas de aprovisionamento, axustándose a obxectivos, prazos e criterios de calidade dos procesos de produción ou distribución. | NO |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.2 Relacionouse a previsión da demanda coa produción ou distribución, coa xestión de existencias e co inventario dispoñible no almacén. |
| CA2.1 Estableceuse a secuencia das fases dun programa de aprovisionamento. |
| CA2.2 Calculouse o custo do programa de aprovisionamento. |
| CA2.3 Definiuse o programa de pedidos e entregas que se adapte ás necesidades da empresa. |
| CA2.5 Planificáronse as cantidades e as datas de aprovisionamento e de elaboracións intermedias. |
| CA2.6 Elaborouse o calendario que permita a realización efectiva do aprovisionamento e o cumprimento dos prazos establecidos. |
| CA2.7 Utilizáronse programas informáticos para a xestión da información e a realización dos cálculos. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Políticas de aprovisionamento: Previsión de demanda e plan de vendas. Plan de produción e de materiais. |
| Programación e control de proxectos. |
| Métodos de control de proxectos: PERT, CPM e GANTT. |
| Variables que inflúen nas necesidades de aprovisionamento. Previsión de demanda. Volume de pedido. Prezo. Prazo de aprovisionamento. Prazo de pagamento. |
| Aprovisionamento continuo e periódico. |
| Previsión de necesidades. |
| Obxectivos da función de aprovisionamento |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-------------------|----------|
| 4 | Xestión de stocks | 16 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Elabora programas de aprovisionamento, axustándose a obxectivos, prazos e criterios de calidade dos procesos de produción ou distribución. | NO |
| RA3 - Aplica métodos de xestión de existencias, realizando previsións de requisitos de mercadorías e materiais en sistemas de produción ou aprovisionamento. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Estableceuse a secuencia das fases dun programa de aprovisionamento. |
| CA2.3 Definiuse o programa de pedidos e entregas que se adapte ás necesidades da empresa. |
| CA2.4 Elaboráronse diagramas de fluxo das operacións en función das necesidades de entregas e da capacidade de cada unidade, almacén ou centro de produción ou punto de venda. |
| CA2.5 Planificáronse as cantidades e as datas de aprovisionamento e de elaboracións intermedias. |
| CA2.6 Elaborouse o calendario que permita a realización efectiva do aprovisionamento e o cumprimento dos prazos establecidos. |
| CA2.7 Utilizáronse programas informáticos para a xestión da información e a realización dos cálculos. |
| CA3.1 Avaliáronse as consecuencias económicas da integración da xestión de existencias no sistema de aprovisionamento loxístico da empresa. |
| CA3.2 Relacionáronse os procedementos de xestión e control cos tipos de existencias. |
| CA3.3 Clasificáronse os produtos almacenados mediante diversos métodos. |
| CA3.4 Avaliáronse as incidencias na valoración, no control de inventario e na ruptura de existencias. |
| CA3.5 Calculáronse estimacións do volume de existencias no almacén para evitar rupturas e volumes anormais. |
| CA3.6 Determinouse o punto de pedido e o lote de pedido que mellora as existencias no almacén, o número de pedidos por ano e o período medio de almacenamento. |
| CA3.7 Calculáronse as existencias de seguridade para unha probabilidade de ruptura e o seu custo. |
| CA3.8 Avaliáronse os custos de demanda insatisfeita. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Aplicacións informáticas na planificación do aprovisionamento. |
| Obxectivos da función de aprovisionamento |
| Xestión de existencias: clases e custos. Custo de xestión, de inventario e de pedido. Custo de rotura de inventarios. ABC de inventarios. Métodos de xestión de inventarios. Punto de pedido. Lote económico de pedido. Existencias de seguridade. Outros méto |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-------------------|----------|
| 5 | As TIC aplicables | 17 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Elabora programas de aprovisionamento, axustándose a obxectivos, prazos e criterios de calidade dos procesos de produción ou distribución. | NO |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.7 Utilizáronse programas informáticos para a xestión da información e a realización dos cálculos. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Aplicacións informáticas na planificación do aprovisionamento. |
| Obxectivos da función de aprovisionamento |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 6 | Os criterios de selección de provedores | 20 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Realiza a selección, o seguimento e a avaliación dos provedores, aplicando os mecanismos de control, seguridade e calidade do proceso e do programa de aprovisionamento. | NO |
| RA3 - Elabora a documentación relativa ao control, o rexistro e o intercambio de información con provedores, seguindo os procedementos de calidade e utilizando aplicacións informáticas. | NO |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Definíronse os criterios esenciais na selección de ofertas de provedores e estableceuse o prego de condicións. |
| CA1.2 Estableceuse un baremo dos criterios de selección en función do peso específico que representa cada variable considerada, clasificáronse os provedores e estableceuse a prioridade das ofertas consideradas. |
| CA1.3 Realizouse unha procura de provedores potenciais en liña e off-line. |
| CA1.8 Redactáronse, utilizando aplicacións informáticas, informes de avaliación de provedores. |
| CA3.7 Utilizouse unha base de datos ou outras aplicacións informáticas que centralice os ficheiros de datos para o rexistro e a conservación da documentación xerada no proceso de aprovisionamento. |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Homologación de provedores: proceso. |
| Criterios de avaliación de provedores. |
| Criterios de selección: económico-financeiros, de recursos humanos e de infraestruturas. |
| Aplicacións informáticas de xestión e seguimento de provedores. |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 7 | Búsqueda, negociación e seguimento de provedores | 40 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Realiza a selección, o seguimento e a avaliación dos provedores, aplicando os mecanismos de control, seguridade e calidade do proceso e do programa de aprovisionamento. | NO |
| RA2 - Determina as condicións de negociación do aprovisionamento, aplicando técnicas de comunicación e negociación con provedores. | SI |
| RA3 - Elabora a documentación relativa ao control, o rexistro e o intercambio de información con provedores, seguindo os procedementos de calidade e utilizando aplicacións informáticas. | SI |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.3 Realízase unha procura de provedores potenciais en liña e off-line. |
| CA1.4 Analízase a calidade dos produtos ofrecidos, os prazos de entrega e os seus prezos. |
| CA1.5 Avaliáronse os recursos ao dispor do provedor: técnicos, de persoal, financeiros, etc. |
| CA1.6 Analízase o cumprimento estimado das condicións ofrecidas. |
| CA1.7 Analizáronse as restricións loxísticas para provedores nacionais e internacionais. |
| CA1.8 Redactáronse, utilizando aplicacións informáticas, informes de avaliación de provedores. |
| CA2.1 Identifícanse as fases no proceso de negociación. |
| CA2.2 Aplicáronse técnicas de comunicación e negociación. |
| CA2.3 Diferenciáronse os tipos de contratos de compravenda de bens e servizos. |
| CA2.4 Identifícanse os elementos persoais e reais que configuran un contrato de subministración. |
| CA2.5 Aplícase a normativa mercantil que regula os contratos de compravenda. |
| CA2.6 Establecéronse as cláusulas do contrato de subministración e as implicacións que teñen para o aprovisionamento. |
| CA2.7 Utilizáronse aplicacións informáticas de tratamento de textos para a redacción do contrato. |
| CA3.1 Estableceuse o proceso de control que deben seguir os pedidos realizados a un provedor. |
| CA3.2 Definíronse as posibles medidas que deben adoptarse para a resolución de anomalías. |
| CA3.3 Defínese o sistema de recollida e tratamento de datos xerados no proceso de aprovisionamento. |
| CA3.4 Cubríronse os documentos internos de rexistro e control do proceso de aprovisionamento. |
| CA3.5 Cubríronse os tipos de documentos utilizados para o intercambio de información con provedores. |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.6 Determinouse o tipo de información que se vaia manexar e as propiedades precisas para o seu axeitado procesamento posterior. |
| CA3.7 Utilizouse unha base de datos ou outras aplicacións informáticas que centralice os ficheiros de datos para o rexistro e a conservación da documentación xerada no proceso de aprovisionamento. |
| CA3.8 Establecéronse os mecanismos que garantan a fiabilidade e a integridade da xestión dos datos ante a eliminación ou a actualización de rexistros. |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>00Outros tipos de compra: compra electrónica e poxas.</p> <p>Externalización e subcontratación: análise económica e estratéxica.</p> <p>Provedores potenciais e activos.</p> <p>Procura de provedores potenciais.</p> <p>Métodos para a selección de provedores.</p> <p>Avaliación de provedores: compoñentes.</p> <p>Xestión do risco. Previsión de continxencias.</p> <p>Mercado internacional de subministracións.</p> <p>Negociación das compras: proceso (identificar e anticipar necesidades).</p> <p>Preparación da negociación.</p> <p>Puntos críticos da negociación.</p> <p>Técnicas de negociación.</p> <p>Relación entre provedor e clientela.</p> <p>Contrato de compravenda e de subministración. Tipos de contratos de compravenda: elementos persoais e reais. Cláusulas do contrato de subministración. Normativa que regula os contratos</p> <p>Diagrama de fluxo de documentación: seguimento en liña e fóra de liña.</p> <p>Verificación do cumprimento das cláusulas do contrato de aprovisionamento: análise de incumprimentos e proposta de solucións.</p> <p>Ordes de pedido e entrega.</p> <p>Recepción, identificación e verificación de pedidos: proceso e documentación.</p> <p>Seguimento do pedido.</p> <p>Aplicacións informáticas de xestión e seguimento de provedores.</p> <p>Bases de datos.</p> <p>Rexistro e valoración de provedores: arquivo e actualización.</p> |

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación de aprendizaxe dos alumnos será continua, precisando da asistencia regular ás clases e realización das actividades programadas. A Os diversos instrumentos de avaliación: ficheiros e informes recollidos, exames, presentacións e procesos de realización serán avaliados conforme a unha rúbrica previamente comunicada aos alumnos.

A obtención da nota en cada avaliación obterase do seguinte reparto: 30% da realización de traballos propostos polo docente (no mínimo un por avaliación); 20% do traballo de clase, incluíndo a realización de exercicios e a participación activa no desenvolvemento das sesións; 50% dos exames ou probas escritas realizadas. Cada unidade temática estará representada en ditas probas / actividades proporcionalmente ao seu peso dentro do currículo.

Cada instrumento de avaliación empregado (rúbricas, modelos de probas escritas etc.) cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar unha nota promedio de 5 puntos para a obtención do aprobado. Individualmente as probas deberán obter unha cualificación de 4 puntos ou superior para poder facer media.

Para superar o módulo o alumno debe ser capaz de:

- Definir os criterios esenciais na selección de ofertas de provedores
- Na búsqueda, negociación e seguimento de provedores: analizar o cumprimento das condicións pactadas, diferenciar os tipos de contratos de compra-venda
- Complimentar adecuadamente os tipos de documentos utilizados nas relacións cos provedores
- Establecer os puntos críticos da fase de aprovisionamiento
- Relacionar a previsión da demanda coa produción ou distribución, coa xestión de existencias e co inventario dispoñible no almacén
- Definir un programa de pedidos e entregas que se adapte ás necesidades da empresa
- Utilizar as TIC na consecución dos puntos anteriores e elaborar informes se é o caso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao remate do curso e antes da avaliación final, realizarase una proba obxectiva final na que cada alumno/a recuperará a/as unidades didácticas que non teña superadas. As actividades de recuperación formularanse de modo individualizado, baseándose nas partes pendentes de recuperar por cada alumno.

A profesora indicarlle a cada alumna/o os contidos a recuperar tanto no caso de que teñan que ser valorados mediante probas obxectivas como se consistiran na entrega dun novo traballo ou modificación ou mellora do traballo obxecto de recuperación. A puntuación da proba será de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superala.

No caso de aprobar a recuperación da parte ou partes pendentes a nota obtida será a empregada para o cálculo da nota de avaliación. No caso de non aprobar a recuperación da parte ou partes pendentes empregárase para o cálculo da nota de avaliación o valor máis alto tras comprar a puntuación da avaliación ordinaria e a da recuperación.

Durante o período ordinario da FCT, aqueles alumnos que non superasen o módulo, recibirán clases de reforzo e recuperación naqueles conceptos e procedementos que resultasen avaliados negativamente, sendo avaliados no mes de xuño.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para os alumnos que perdan o dereitos á avaliación continua, e tal como se contempla na norma, realizarase unha proba extraordinaria de avaliación, que permitirá ao alumno evidenciar a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos. Consistirá na realización dunha proba escrita con cuestións teórico-prácticas, inspirada no 100 % dos obxectivos do módulo.

Datas da avaliación:

A avaliación realizarase no último mes do terceiro trimestre (mes de xuño), as datas e horario serán publicados no taboleiro de anuncios do centro.

Tipo de proba de avaliación e duración:

Consistirá nunha proba escrita e estará dividida en dúas partes: 1ª parte, con contidos teórico- conceptuais; e 2ª parte, con contidos prácticos. As dúas partes deben superarse individualmente cunha puntuación superior a 5 sobre un total de 10 puntos posibles,

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O docente revisará mensualmente unha actualización do grado de cumprimento da programación na aplicación informática destinada para elo. Nestas revisións indícarase o número de sesións reais realizadas en cada unidade didáctica e as observacións pertinentes.

Así mesmo coa revisión dos traballos e probas escritas realizadas polos alumnos o docente analizará o grado de cumprimento respecto dos resultados de aprendizaxe fixados e axustará según foxe preciso medidas de reforzo, ampliación ou revisión adecuadas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao longo das primeiras semanas do curso académico o docente propondrá actividades na aula que o axuden a determinar o grao de familiaridade cos contidos do módulo, así como as competencias específicas de cada alumno e as interrelacións do grupo co obxectivo de observar e propor medidas de mellora; como por exemplo: dinámicas de traballo individual / grupal, sesións de recordatorio respecto de contidos base...

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No momento de elaboración desta programación o equipo docente non considerou necesario establecer medidas de reforzo nin a nivel de grupo nin a nivel individual

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O tratarse dun ciclo da familia de Marketing e que un dos principais sectores de ocupación futura dos alumnos é o comercio, considerase convinte relacionar as actividades relativas os dereitos do consumidor, de consumo responsable e imaxe corporativa da empresa coa educación en valores

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Por mor da pandemia do COVID 19 están suspendidas as actividades complementarias e extraescolares para o presente curso.

